




RÍO DA CHANCA (Meaño)

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 16 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 5 horas

O río da Chanca é un curso de tan só 10 km que ten case todo o seu percorrido polo concello de Meaño agás os primeiros 800 metros que corre polo concello de Meis e outros trescentos metros, do curso medio baixo, no concello de Sanxenxo. Nace ao pé do alto do Leixo entre os lugares de Valboa e O Busto da parroquia de Armenteira do concello de Meis, e baixa nun primeiro tramo con boa pendente, que logo se suaviza, atravesando e drenando distintas parroquias do concello de Meaño, ao mar para desembocar, formando un pequeno esteiro, na enseada do Umia dentro do espazo protexido LIC Ons O Grove. O percorrido do río conserva unha rica biodiversidade cunha gran variedade de fungos, fentos, brións, e outras plantas que acompañan ao bosque de ribeira. Ao longo da ruta atoparemos vintetrés muíños en distintos graos de conservación, algúns de fermosa factura; varios lavadeiros e bos exemplares de árbores de ribeira entre os que destacan as abeleiras e os salgueiros, e os únicos ulmeiros que medran, case podemos dicir medraban, en pasado, porque xa só quedan un par deles con vida -nos últimos anos a grafiose cebouse neles e xa non van aguantar moito máis.


COMO CHEGAR

Para achegarnos ao comezo da ruta desde o centro de Meaño cóllese en dirección a Samieira e a pouco máis de medio quilómetro o desvío á dereita que leva á igrexa de Lores. Ao cruzar o río atópase á esquerda o aparcamento e os indicadores da ruta.

A ruta comeza no curso medio, en Lores, preto da capela de San Bieito, á que podemos achegarnos porque goza dunha situación privilexiada, na croa dun outeiro (que con toda probabilidade foi un castro) desde o que se abrangue toda a cunca do río e gran parte da zona sur do val do Salnés e o mar da Lanzada.

O percorrido, que se fai todo pola beira do río, por un camiño-carreiro acondicionado de bo levar pero que vai gañando pendente cara ao final para completar, no manancial no que arranca o río, un desnivel de 300 m; e rematar un cento de metros máis adiante na estrada, un pouco por enriba da localidade de Valboa e a uns dous quilómetros do mosteiro da Armenteira, ao que podemos achegarnos baixando pola estrada ou camiñando pola pista que atopamos de fronte. A volta faise polo mesmo camiño.

Nunha das varias estradas que se cruzan, aproximadamente a 2 km do comezo do camiño, podemos achegarnos, nuns cen metros, á igrexa parroquias de Santa María de Simes, do século XIII e estilo románico con transición ao gótico. No adro hai dúas vellas oliveiras de bo porte e un cruceiro cunha escea do pecado orixinal que aparece recollido no libro "As Cruces de Pedra na Galiza" de Castelao.





Santuario de San Bieito de Lores. No adro da capela consérvanse varias árbores centenarias: un castiñeiro, unha robinia e un carballo.



Hórreo a carón da igrexa parroquial de Simes.



Lavadoiro e ponte en Lores.



Muíños en Simes.



Salgueiro



Pequena ferveza entre Lores e Simes.



Abeleira



Aliviadoiro da canle do muíño do Ferreiro en Lores.